

Irmáns de Francia. Francia espertou <sup>1</sup>*Vincenzo Jacomuzzi*

Dise que o costume das celebracións-aniversarios, que a miúdo se toman como pretexto, de feitos e consecuencias do pasado, implica, ou mellor, é o froito dunha postura cultural superficial e vacuamente académica: feitos e personaxes, importantes ou non, continuamente veñen a colación por un momento, ciclicamente, para ser despois esquecidos e acurrunchados.

Estamos de acordo no esencial con esta postura, salvando, polo menos, un dato positivo: o feito de que, entre tanta vaidade, sempre estas celebracións ocasionan algúns estudos profundos sobre o fenómeno en cuestión, con aportacións serias que ficarán como froito precioso para posteriores investigacións.

Isto poderíase aplicar, por exemplo, ás mastodónticas e espectaculares celebracións do segundo centenario da Revolución Francesa, no marco da Europa unida e dos novos nacionalismos. Celebracións que, con probabilidade, serán eventualmente recordadas, máis pola fortuíta coincidencia cos paralelos cambios na Europa do leste, que se poderían sintetizar na caída do muro de Berlín, que pola renovación e actualización dos valores e do espírito revolucionario popular-burgués de 1789.

A pesar disto, para nós, que nos interesamos pola literatura e, neste caso, pola literatura italiana, non faltou o dato positivo. Como por exemplo o darse de conta de que non existe un estudo específico sobre a relación entre a literatura italiana e a Revolución Francesa, nin crítico, nin bibliográfico; en concreto, non hai ningunha investigación sobre as reaccións do mundo literario italiano ás convulsións parisiñas do 89 e dos anos seguintes.

---

1. O presente artigo nace como reprodución e elaboración do texto dun recital de poesía italiana celebrado na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela no marco da xornada *Falando de Revolución*, que tivo lugar en novembro de 1989 co gallo do bicentenario da Revolución Francesa. O título do artigo, e o do recital mesmo, fai alusión ó primeiro verso do himno nacional italiano "Fratelli d'Italia, l'Italia s'è desta".

De feito, como primeira impresión, diríase que non existen feitos literarios relevantes contemporáneos á Revolución Francesa nin en Alemania, nin en Inglaterra, España, Portugal, etc. ¿Isto é só unha carencia de investigacións ou unha mostra de ignorancia? Efectivamente, algo, e moito, acaba por atoparse por tódalas partes, mais é necesario buscalo, descifralo entre liñas, ou nas obras menores, en formas populares de arte, como as cancións; en conclusión, non se creou unha comunidade de expresións literarias, que sen embargo poderíamos ter esperado, como resposta positiva ou negativa a un fenómeno histórico, humano e cultural tan importante como é a Revolución.

Polo tanto: isto volve probar que a literatura, na súa tradición, é a expresión das clases e dos valores dominantes da súa época. E, certamente, a aristocracia só podía elevar unhas poucas voces espalladas e indignadas contra a ameaza e os asaltos do pobo parisino.

¿A literatura non debería ser vangarda, verdade, intérprete do mundo humano? Neste caso, dá a impresión de ser torpe, incapaz de reaccionar e comprender. Fárao décadas máis tarde, pero nunha estreita clave nacionalista, e baixo o violento, contradictorio pulo da aventura napoleónica.

Imos, pois, á situación italiana, ás voces literarias que se fixeron eco, naquel momento, do ciclo francés.

Estamos paradigmaticamente no caso antes exposto. A primeira vista, pouco ou nada nos vén á cabeza. Despois, rebuscando, atópase miolo: e nomes importantes, posto que son os de Alfieri, Monti e Parini, os tres grandes da literatura italiana de fins do século XVIII.

E atopamos os tipos clásicos do literato da época: o desdeñoso aristocrático (Alfieri), o poeta cortesán (Monti) o sacerdote moderadamente progresista ó servizo de nobres familias como educador (Parini). É dicir, literatura clasicista e aristocrática, feita polos representantes das únicas categorías que sabían e podían escribir, e expresión precisamente, dunha ou doutra das clases (ou, se o termo parece obsoleto, diremos grupos sociais) dominantes.

E non é de extrañar, se analizamos esta produción literaria, que nos atopemos cunha profunda incapacidade por parte do artista de superar a súa visión particular e particularista para conseguir comprender e interpretar e entrar na “revolución cultural” dunha maneira polo menos correcta.

Naturalmente non é este o lugar axeitado para lembrar, nin sequera de pasada, a situación concreta histórico-política da Italia do momento; un dato que, así e todo, é imprescindible para comprender este tipo de escritos.

!As armas! !As armas! Un xeneroso clamor  
fai resoar ámbalas dúas ribeiras do Sena.  
!As armas! !As armas! resoa  
Francia enteira de un a outro confín.

(...)

Hai un lugar en París que no Inferno tería  
moito valor: chámase Bastilla; e chamarse  
ben debería Malebolge.

Amplo profundo foxo, que tódolos camiños  
corta, e ó entrar e ó fuxir,  
por tódalas bandas os cerca.

No medio das cadradas torres ergue a malvada  
fronte unha fortaleza tinguida de sordidez:  
cinsenta é a gran pedra; alta coroa  
de funesto bronce que troa  
entre as horribles ameas na testa ten cinguida.

(...)

Velaquí xurdir coma impetuoso río  
o pobo desde dereita e esquerda,  
irresistible multitude.

Máis lixeiros que plumas ó vento  
xa están cruzando en bandadas máis aló da ponte  
os primeiros; e berros, e balas, e bruídos, e ferro;  
e, moribundos, e rexurdidos  
nin sei dicir como ,velaquí está ó final, esnaquizada  
a cadea da que no alto colgaba  
a derradeira ponte. !Oh xenerosos! !Oh esforzados!  
Os seus nomes en balde preguntei  
para que a debida honra lles fose recoñecida.  
!Oh, con canta alegría á vencida fortaleza  
eu dirixo o pé!

Adornado de liberdade  
sexa este o día no que a verdadeira Francia nace<sup>2</sup>.

Esta era a voz de Vittorio Alfieri, o máis grande autor trágico do século XVIII italiano, que vivía en París precisamente nos anos da Revolución, e que saudaba así, con esta *Ode a Parigi sbastigliata*<sup>3</sup>, o grande acontecemento da insurrección do pobo parisino e a toma da Bastilla. Deste poeta, teórico do tiranicidio e aristocrático defensor da liberdade absoluta, agardariamos outros versos que exaltasen a caída dos privilexios e vínculos dos tiranos: sen embargo, o seu entusiasmo esgotouse axiña, pechado como estaba no seu abstracto e aristocrático individualismo.

2. All'armi, all'armi, un generoso grido / fa rimbombar di Senna ambe le rive / All'armi, all'armi, echeggia / Francia intera dall'uno all'altro lido. / (...) / Loco è in Parigi, che in Inferno avria / pregio assai: detto è Bastiglia; e dirsi / ben dovria Malebolge. / Amplia e profonda fossa, ond'è ogni via / intercetta all'entrar come al fuggirsi, / per ciascun lato il volge. / Quadro-turrita in mezzo erge la ria / fronte una rocca di squallor dipinta: / atro-bigio è il gran masso; alta corona / d'empio bronzo che tuona / infra gli orridi merli al capo ha cinta. / (...) / Ecco sgorgare impetuoso fiume / il popol da destra e da sinistra, / irresistibil stuolo. / Leggieri più che ventilate piume, / oltre al ponte primier varcati in frotta / già stanno; ed urti, e palle, ed urla, e ferro, / e morenti, e risorti, / né so dir come, eccola al fine, e rotta / la catena che in alto sospendea / l'ultimo ponte. Oh generosi! Oh forti! / i nomi indarno io chiesi / perché il debito onore a lor si acquiste. / (...) / Oh, con quale gioia alla sconfitta rocca / io volgo il piè! / Di libertate adomo / fia questo il dí, che vera Francia nasce.

3. V. Alfieri, *Opere*, Turín: UTET, 1978.

Na autobiografía<sup>4</sup> describe así a súa vida cotiá en París entre os anos 1789 e 1790:

## Capítulo decimonono

(1789-1790)

*Comezo dos tumultos en Francia, os cales amólanme de tal maneira que de autor me transforman en charlatán. Opinións miñas sobre as cousas presentes e futuras deste reino.*

*Desde abril de 1789 en diante vivira moi angustiada, temendo cada día que un dos moitos tumultos que xurdían tódolos días en París despois da convocatoria dos Estados Xerais me impedira rematar todas aquelas edicións miñas publicadas case ó final, e que tivese tantos gastos e fatigas que se poidese afundir o barco á vista do porto.*

*Dábame toda a présa que podía; pero non facían o mesmo os operarios da tipografía de Didot que, disfrazados todos de políticos e de homes libres, pasaban as xornadas enteiras lendo as gacetas e proclamando leis en vez de corraxir, compor e imprimir as tiradas obrigadas. Crin que nos volvería tolos a todos de rebote. Polo que foi inmensa a miña satisfacción cando chegou o día no que foron rematadas, embaladas e despachadas, tanto a Italia coma a outros sitios, as tan suadas traxedias.*

*Pero non foi duradeira aquela alegría, porque, indo as cousas sempre a peor, diminuíndo a cotío a seguridade e a tranquilidade nesta Babilonia, e incrementándose a cada momento os temores e os sinistros presaxios para o porvir, quen ten que se relacionar con estes monos, caso no que estamos tanto a miña amada coma min, está obrigado a temer sempre, non podendo nunca acabar ben as cousas.*

*Eu, por conseguinte, agora, desde hai máis dun ano, vou vendo tacitamente e observando o desenvolvemento de tódolos lamentables resultados da docta impericia desta nación, que de todo pode parolar suficientemente, pero nada pode conducir a bo resultado porque non comprende nada o goberno práctico dos homes; como xa observou e dixo o noso profeta político, Maquiavelo. Por iso, aflixido profundamente porque vexo continuamente a sagrada e sublime causa da liberdade de tal maneira traicionada, trastocada e posta en descreto por estes medio-filósofos, anoxado de ver a cotío tantos medio-iluminados, tantos medio-delitos, e nada en resumidas contas enteiro, senón a incapacidade por tódalas partes; aterrado finalmente de ver a prepotencia militar e a licencia e insolencia avogadesca apoiada estupidamente na base da liberdade; eu agora non desexaría outra cousa que poder saír para sempre deste fedento hospital que reúne os incurables e os tolos.*

Agora, gustaríanos poder dicir que os literatos souberon comprender de contado a importancia da Revolución Francesa, que souberon facerse intérpretes dos valores e sentimentos novos que inspiraron os dramáticos, gloriosos e crueis sucesos.

Pero non foi así, en absoluto; polo contrario, a poesía italiana contemporánea á Revolución só soubo dar un brillante (¿execrable?) exemplo do seu conservadurismo.

O primeiro de todos, naturalmente, o mestre recoñecido do neoclasicismo italiano, Vincenzo Monti, servo elegante e apaixonado de tódolos canons; a el confiamos, e ó seu poemíña *Bassvilliana*<sup>5</sup>, a descrición da execución de Luís XVI, episodio que foi a pedra angular de toda a crítica conservadora e de dereitas ata os nosos días.

O rei cobarde convértese en santo e heroe, vítima sacrificada polo sanguinario e pagán París revolucionario.

O fatal palco de morte, naquel instante,  
chega Luís. Alza a mirada, e vén  
firme cara á escaleira, imperturbable e forte.  
Xa sobe ó lugar, xa alcanzou o máis alto,  
e vai cun aspecto tan maxestoso,  
que ós lambóns fai tremer as veas.  
E xa latexa furtiva en cada peito  
a piedade que renace, e tamén parecía  
que o furor desviaría o efecto.  
Mais un grandioso portento aconteceu neste momento:  
sobre o patíbulo infame, de súpeto,  
subiron catro desmesurados espectros<sup>6</sup>.  
Sosteenen cadanseu puñal cheo de sangue,  
e na gorxa unha soga moléstalles,  
torva a mirada, despiedado o aceno;  
e despeiteados os cabelos sobre a cabeza,  
coma un campo de trigo xa maduro  
polo cal pasara unha tempestade.  
E sobre a fronte engurrada e escura  
cada un tiña o seu nome escrito en sangue,  
nome temor de reis e da natureza.  
Damiens, un; o outro chamábase Ankastrom,  
e o outro, Ravagliaco; e o seu nome ocuarto,  
agachaba coa man.  
Agarrado por estes Dires, o rei Capeto  
chegou xunto ó máis grande dos tronos  
feito xa o traxecto á guillotina.  
E aquel Xusto, igual ca entre ladróns,  
perdoando expiraba e exclamaba:  
-”Pai, Pai; ¿por que me abandonaches?”

5. V. Monti, *Opere* (p. 752), Milán-Nápoles: Ricciardi, 1953.

6. A referencia ás “quattro larve” (“catro espectros”), que personifican os catro verdugos que executan ó rei, alude a catro afamados rexicidas: Damiens, quen atentou contra a vida de Luís XV no 1757; Ankastrom, sueco que asasinou a Gustavo III, rei de Suecia no 1792; Ravaiillac, quen asasinou a Henrique IV en París no 1610; e o dominico francés Giacomo Clement, que asasinou a Henrique III en Saint-Cloud no 1689.

Tamén a Deu pregando por quen á morte o trae:  
 -"O meu pobo, - dicía - que está delirante,  
 e o meu corazón, Señor, encoméndovos"  
 Dicindo isto, con pulo e con ira,  
 empurrándoo un dos espíritos, chega  
 debaixo do tallo fatal; o outro empúrrao.  
 Pola sagrada e augusta cabeleira sosteno  
 a terceira Furia, e a fráxil gorxa  
 a cuarta corta coa folla.  
 A'caída do aceiro cortante  
 ábrese con música o ceo, e a vermella  
 terra treme, e o mar horriblemente<sup>7</sup>.

Diciase que Monti era poeta cortesán; escravo de tódalas causas e de tódolos canons, en nome da poesía pura. Polo que non nos sorprenderemos se algúns anos máis tarde, cando vivía en Milán, e esta cidade estaba baixo o dominio dos franceses, Monti descubriu en si mesmo furores xacobinos, e nun ton totalmente diferente celebrou o décimo aniversario do mesmo acontecemento, a decapitación de Luís XVI, con este *Inno cantato al Teatro della Scala in Milano il 21 gennaio 1799 anniversario della morte di Luigi XVI*<sup>8</sup>

O tirano caeu. Erguédevos,  
 xentes oprimidas; natureza respira:  
 reis soberbios, tremede, caede;  
 o máis grande dos tronos derrubouse.

Bateuno cos raios invencibles  
 Liberdade, primeiro dos dereitos:  
 bateuno do vil Capeto  
 o perxurio, que o ceo cansou.

Reis soberbios, o derradeiro decreto  
 para vós a ira do ceo dictou.

7. In quel punto al feral palco di morte / giunge Luigi. Ei v'alza il guardo, e viene / fermo alla scala, imperturbato e forte. / Già vi monta, già il sommo egli ne tiene, / e va sí pien di maestà l'aspetto / ch' ai manigoldi fa tremar le vene. / E già battea furtiva ad ogni petto / la pietà rinascente, e anco parve / che dal furor sviato avria l'effetto. / Ma fier portento in questo mezzo apparve: / sul patibolo infame all'improvviso / ascenser quattro smisurate larve. / Stringe ognuna un pugnàl di sangue intriso, / alla strozza un capestro le molesta, / torvo il cipiglio, dispietato il viso; / e scomposte le chiome in su la testa, / come campo di biada già matura, / nel cui mezzo passata è la tempesta. / E sulla fronte arrocigliata e scura / scritto in sangue ciascuna il nome avea, / nome terror de' regi e di natura. / Damiens l'uno, Ankastrom l'altro dicea, / e l'altro Ravagliacco; ed il suo scritto / il quarto colla man si nasconde. / Da queste Dire avvinto il derelitto / sire Capeto dal maggior de' troni / alla mannaia già faceva tragitto. / E a quel giusto simíl che fra' ladroni / perdonando spirava, ed esclamando: / - Padre, Padre, perché tu m'abbandoni? - / per chi a morte lo tragge anch'ei pregando. / - Il popol mio, - dicea, - che sí delira, / e il mio spirito, Signor, ti raccomando. - / In questo dir con impeto e con ira / uno degli spettri sospingendo il venne / sotto il taglio fatal; l'altro ve'l tira. / Per le sacrate auguste chiome il tenne / la terza Furia, e la sottíl rudente / quella quarta recise alla bipenne. / Alla caduta dell'acciar tagliente / s'aprí tonando il cielo, e la verniglia / terra si scosse, e il mare orribilmente.

8. V. Monti, op. cit. (pp. 768 e ss.).

Tinguide o dedo neste sangue impío,  
Francia, ceiba das indignas cadeas,  
el é o sangue zogado das veas  
dos teus fillos, que o cruel traicionou.

Cidadáns que voades ás armas  
neste sangue as espadas bafiade:  
a victoria dos bèlicos afáns  
está na espada que os reis feríu.

Baixade do trono crucis tiranos:  
a escravitude do mundo finou

(. . .)

Reis soberbios, xa treme xa cae  
o poder que o delito vos deu<sup>9</sup>.

Agardando un consolo, reparamos en Giuseppe Parini, autor satírico, moralista, anti-aristocrático, literato excelente e fóra de toda sospeita de adulación. Pero, quizais por mor da vellez, posto que entón tiña xa oitenta anos, tamén Parini nos reserva poucas sorpresas, ou mellor, demasiadas, se pensamos na dignidade da súa imaxe tradicional no panorama ideolóxico da literatura italiana.

Temos pouca cousa nas mans; por exemplo, a oda sobre o *Vestire alla ghigliottina*<sup>10</sup>, unha crítica moderada e tantaruleira contra a moda feminina, que como sempre chegaba de París, e que anunciaba vestidos que deixaban impudicamente descuberto o pescozo, o cal daba pé a malos pensamentos ata para as mozas máis santas, ós que se engadía o bárbaro e morboso detalle dun lazo vermello que lembraba o corte da coitela:

ODA : “ Sobre o vestir na guillotina “

¿Por que ó fermoso peito e ó húmero  
con súpeta mudanza,  
por que, inxenua Silvia,  
lle arrincar a oriental venda

que arredor do peito e do húmero  
e mesmo a gorxa e o queixo  
antes ouro puro, coma inchada  
vela no mar ó vento?

9. Il tiranno è caduto. Sorgete / genti oppresse; natura respira: / re superbi, tremate, scendete: / il piú grande dei troni crollò. / Lo percosse co' fulmini invitti / libertade, primiero de dritti: / lo percosse del vile Capeto / lo spergiuro, che il cielo stancò. / Re superbi, l'estremo decreto / per voi l'ira del cielo segnò. / Tingi il dito in quel sangue spietato, / Francia, tolta alle indegne catene, / egli è il sangue alle vene succhiato / de' tuoi figli, che il crudo tradí. / Giú dal trono, crudeli tiranni: / il servaggio del mondo finí. / Re superbi, già trema già cade / il poter che il delitto vi diè.

10. G. Parini, *Poesie e prose* (pp. 258 e ss.), Milán-Nápoles: Ricciardi, 1951

¿ Quizais co bafo do céfiro  
sintas a tibia aura ?.  
Mais ó alegre Aries  
o sol aínda non chega.

Aquí, de neve insólita  
o hirsuto inverno branco semella,  
aínda que decrépito,  
querer ficar eterno.

¿ Engánome? Ou ¿xa o teu ánimo  
se rende ante o potente imperio  
dos ritos femininos  
e a outras fermosas imitas ?.

¿ O azar ou o inventor, que nome  
impoñen á nova moda  
que revela unha abundancia tan danosa  
de lirios e rosas ?

¿ Que ocorre ? ¿ enrubesces ? . E dubidosa,  
coa mirada fixa no chan,  
non sei que dito murmuras  
mal pronunciado polos teus labios.

Fala. Pero xa entendo. ¡ Oh, bárbaro !.  
¡ Oh !, nado de árbores duras  
aquele que ousou tomar  
da malvada guillotina  
ese nome, infamia  
do século despiedado;  
e deu agoiros funestos  
ó ornato feminino;  
e cos crueis Euménides  
a querida Gracia achegouse;  
e con crueis imaxes  
lixou a túa beleza.  
Deixa, miña inxenua Silvia ,  
deixa tantos arrepiós  
para as outras fermosas, estúpidas  
de mente e de corazón.

¡ Ai ! Por razóns moi lonxanas  
que ocultamente fan dano,  
tamén a tenra xove  
pode tomarse en feroz<sup>11</sup>.

---

11. Per che al bel petto e all'omero/con subita vicenda // per che, mia Silvia ingenua,/togli l'indica benda  
// che intorno al petto e all'omero,/anzi a la gola e al mento // sorgea pur or, qual tumida/vela nel mare  
al vento? // Forse spirar di zefiro/senti la tiepid'ora? // Ma nel giocondo ariete/non venne il sole ancora./

Ou ben atopamos este soneto delirante (parece que foi escrito no leito de morte poucas horas antes de expirar, encargado por notables milaneses co gallo da volta dos austríacos a Milán en 1800), no que se celebra con ledicia a victoria dos austríacos sobre os franceses, recorrendo a elaboradas metáforas bíblicas e a tons mesiánicos, segundo os cales os franceses son os novos filisteos e os austríacos son o David que loita contra do cruel Goliat<sup>12</sup>:

Apoderáronse os filisteos da arca de Deus;  
silenciaron os cantos e as harpas dos levitas  
e ó sacerdote, diante do perverso Dagon  
obrigóuselle a esquecer os antigos ritos.

No final de Terebinto, sobre a pendente,  
David venceu; e alentou os espíritos;  
e o pobo xurdíu; e failles volver á súa terra  
e arrepentírense da súa soberbia.

Agora louvamos a Deus. Os mandamentos  
e a arca están a salvo; e dispónse o Templo  
de Xerusalén, unha vez, gloria e orgullo.

Pero a xustiza e o recto exemplo brillen,  
para que Israel non comece un novo pranto,  
unha nova rapina, un novo tormento<sup>13</sup>.

Deixemos, pois, a Francia revolucionaria. Deberán pasar moitos anos ata que en Italia os poetas se dean perfecta conta do que estaba a acontecer.

Nin sequera o “grande” Alessandro Manzoni conseguirá comprender a liberdade, a igualdade, a fraternidade revolucionarias; doutro xeito non podería afirmar, no seu ensaio histórico-comparativo da Revolución Francesa e do “Risorgimento” italiano que o pequeno nacionalismo do rexurdimento italiano de mediados do XIX foi un evento histórico máis xusto e máis libertario ca Revolución transalpina.

Así que deixemos Francia, ou mellor fuxamos, como fixo Vittorio Alfieri, non por casualidade membro de familia aristocrática, o cal, en canto chegou a París sentíu

---

*/ Ecco di neve insolita/bianco l'ispido verno // par che, sebben decrepito,/voglia serbarsi eterno.// M'inganno? O il docil animo/già de' femminei riti // cede al potente imperio/e l'altre belle imiti? // Qual nome o il caso o il genio/al nuovo culto impose //che sí dannosa copia/svela di gigli e rose? // Che fia? Tu arrossi? E dubbia,/col guardo al suol dimesso, // non so qual detto mormori/mal da le labbra espresso? // Parla. Ma intesi. Oh barbaro!/Oh nato da le dure// selci chiunque togliere/da scellerata scure // osò quel nome, infamnia/del secol spietato; // e diè funesti auguri/al femmineo ornato; // e con le crudeli Eumenidi/ le care Grazie avvinsè; // e di crudele immagine/la tua bellezza tinse! // Lascia. mia Silvia ingenua, /lascia cotanto orrore // all'altre belle, stupide, /e di mente e di core. // Ahi! da lontana origine/che occultamente noce // anche la molle giovane/può diventar feroce.*

12. G. Parini, op. cit. soneto 31 (p. 389).

13. Predaro i Filistei l'arca di Dio;/tacquero i canti e l'arpe de' Leviti, /e il sacerdote innanzi a Dagon rio /fu costretto a celar gli antiqui riti. / Al fin di Terabinto in sul pendío / Davidde vinse; e stimolò gli arditi;/ e il popolo sorse; e gli empi al suol natío / fe' dell'orgoglio loro andar pentiti. / Or Dio lodiamo. Il tabernacolo santo / e l'arca è salva; e si dispone il tempio / che di Gerusalem fia gloria e vanto. / Ma splendan la giustizia e il retto esempio / tal che Israel non torni a novo pianto, / a novella rapina, a novo scempio.

cheiro a queimado; cando volve a Italia, na calma das súas posesións, poderá compor o seu violento libelo contra Francia, titulado precisamente *Misogallo*.

Nós, polo de agora, contentámonos con ler a vivaz crónica da súa partida de París<sup>14</sup>.

(...)

*Namentras, comezara a guerra co Emperador, que despois se faría xeral e funesta. Chegado xuño intentouse derrubar enteiramente o nome do Rei, pois outra cousa non quedaba; levada ó fracaso a conxuración daquel día 20 de xuño, os acontecementos atopélanse malamente ata o afamado 10 de agosto no que a cousa estoupou, como todo o mundo sabe.*

*Acontecido este suceso, non me demorei nin sequera un día máis, sendo o meu primeiro e único pensamento afastar de todo perigo a miña amada, xa desde o día 12 fixen a toda présa tódolos preparativos para a nosa partida. Ficaba a suma dificultade de obter o pasaporte para saír de París e do reino. Tanto nos apuramos naqueles dous ou tres días, que o día 15, ou 16, xa os obtiveramos como forasteiros, primeiro eu do embaixador de Venecia, e do de Dinamarca a señora, que eran case os únicos embaixadores estranxeiros que ficaban xunto daquel simulacro de rei. Despois, con moito máis traballo, obtivemos da Sección a nosa Comunicativa relatada “du Montblanc” dos outros pasaportes, un para cada individuo, así para nós os dous, coma para cada servente e camareira, coa cadansúa descrición, a estatura, pelo, idade, sexo e que sei eu. Provisos de todos estes carnés de escravos fixáramos a nosa partida para luns 20 de agosto; pero un atinado presentimento, atopándonos dispostos, fíxome anticipala, e patimos o día 18, sábado, despois do xantar.*

*A penas chegados á Barriere Blanche, que era a nosa saída máis próxima para tomar o camiño de San Dionisio para Calais, onde nos dirixíamos para saír o máis cedo daquel infeliz país, alí atopamos só tres ou catro soldados dos gardas nacionais cun oficial quen, vistos os nosos pasaportes, dispoñíase a abrírnos as reixas daquela inmensa cadea, e deixarnos seguir boa viaxe. Pero alí estaba, perto da barreira, unha taberna de onde saen para fóra, de súpeto, unha trintena de galopíns da plebe, esfarrapados, bébedos e enrabechados. Estes, vendo as dúas carruaxes que tiñamos, con moito cargamento de baúles e bacas de dilixencia, e unha comitiva de dúas mulleres de servicio e tres homes, berraron que tódolos ricos querían fuxir de París e levar tódolos seus tesouros, e deixalos a eles na miseria e na desgracia. Entón comezan a rifar aqueles poucos e tristes gardas con aqueles moitos e tristes galopíns, aqueles para deixarnos saír, estes para reternos. E eu salto da carruaxe entre aquela turba, provisto de todos aqueles sete pasaporte, a berrar, a rifar e a barullar máis ca eles; o único xeito de conseguir algo cos franceses. Un por un, lían e facían ler ós que sabían, as descricións das nosas respectivas figuras. Eu, enchido de cólera e furor, non sabendo naquel momento, ou por paixón desprezando, o inmenso perigo que penduraba sobre nós, ata tres veces volvíñ coller na man o meu pasaporte e repetín a voces: “Mirade, escoitade, Alfieri é o meu apelido, italiano e non francés; alto, fraco, esbrancuxado, pelo vermello; son eu, mirádeme, teño o pasaporte; témolo en regra segundo*

*manda quen pode dalo e queremos pasar, e pasaremos por Deus". Durou máis de media hora este escándalo, mostrei bo comportamento e aquilo salvounos. Namentres, amontoárase máis xente arredor das dúas carrozas e moitos berraban: "Prendámoslle lume a estas cachopas". Outros: "Estes foxen, son nobres e ricos, levémolos ó pazo da cidade, que alí se faga xustiza". Pero, en conclusión, a feble axuda dos catro gardas nacionais, que algunha cousa dicían no noso favor, e o meu moito barullar e rebater con voz de salteador e amosar os pasaportes, e despois de media hora e máis na que aqueles monos-tigres cansaron de atrancar, diminuíu a súa insistencia, e os gardas indicáronme que subira ó coche, onde deixara a miña dona, pode xulgar en que estado; en canto montaron de novo os mozos a cabalo, abriuse a reixa e saímos á carreira, acompañados dos asubíos, aldraxes, e maldicións deste xentío. E aínda menos mal para nós que non prevaleceu a idea de nos levar ó pazo da cidade, pois, chegando así dúas carruaxes con séquito de esfarrapados, coa tacha de fuxitivos no medio desa chusma, arriscábase moito; e despois, diante dos galopíns do concello certamente non poderíamos saír xamais, senón que, máis ben, iríamos ó calabozo, onde, se nos atopaban alí o día dous de setembro, é dicir, quince días despois, faríannos picada xunto con tantos outros galantes homes que cruelmente alí foron asasinados. Escapados de tal inferno, en dous días e medio chegamos a Calais, mostrando quizais máis de corenta veces os nosos pasaportes; e despois soubemos que fomos os primeiros forasteiros saídos de París, e do reino, despois da catástrofe do 10 de agosto. En cada concello do noso camiño, onde tiñamos que ir mostrar os nosos pasaportes, aqueles que os lían ficaban abraiados e atónitos á primeira ollada que nos botaban, levando aqueles impresos e selado o nome do Rei. Pouco e mal estaban informados do que acontecera en París, e todos tremían. Son estes os auspicios baixo os cales finalmente saín de Francia coa esperanza e o propósito de non ir parar alí nunca máis.*

Cen anos, cen anos serán precisos para oír vibrar as cordas da musa italiana ó unísono cos lemas e sentimentos revolucionarios. Cen anos: xusto os necesarios para unha celebración.

Estamos pensando agora na serie de doce sonetos *Ca ira* de Giosué Carducci, o máis clásico e o máis republicano dos poetas italianos da segunda metade do XIX (antes de se converter no cantor da Italia unida e monárquica ...), sonetos que, en doce dramáticos cadros, describen o período dramático e glorioso da Revolución ameazada pola guerra estranxeira.

Reproducimos aquí o último poema, un soneto que quere percorrer e reproducir os ritmos, os sentimentos da Marsellesa; cando, sen embargo, este xa se transformara en retórico himno nacional<sup>15</sup>:

Marchade, oh ínclitos fillos da patria, á harmonía  
dos canóns e dos cantos: o día  
da gloria abre hoxe as súas vermellas ás  
á danza do valor.  
O camiño de volta para o rei de Prusia está

15. G. Carducci, *Poesie scelte* (p. 276), Bologna: Zanichelli, 1959.

ateigado de medo e de confusión: a fame,  
o medo e a disentería expulsan os emigrados  
cara ós infames exilios.  
Lívido sobre aquel grande lago de lama, foxe  
o ocaso, os outeiros acadan a gloria  
dun pequeno sorriso do sol,  
E dun grupo de homes descoñecidos sae  
Wolfgang Goethe dicindo: comeza hoxe para o mundo  
neste lugar a renovada historia<sup>16</sup>.

*Vicenzo Jacomuzzi*  
Universidade de Santiago de Compostela

---

16. Marciate, o de la patria incliti figli, / de i cannoni e de' canti a l'armonia; / il giorno de la gloria oggi  
i vermigli / vanni a la danza del valore apría. / Ingombra di paura e di scompigli / al re di Prussia è del tornar  
la via; / ricaccia gli emigrati e i vili esigli / la fame il freddo e la dissenteria. / Lívido su quel gran lago di  
fango / guizza il tramonto, i colli d'un modesto / riso di sole attingono la gloria. / E da un gruppo d'oscuri  
esce Volgango / Goethe dicendo: al mondo oggi da questo / luogo incomincia la novella storia.